




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Alcaldesa con data catro de agosto de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:
<<**Decreto:** 316 / 2016 **Data decreto:** 04/08/2016 **Descrición decreto:** Rectificación erro decreto 306/2016 aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso de selección Técnico de turismo concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o Decreto 306/2016 de data 02/08/2016 sobre aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso de selección Técnico de turismo concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar.

Visto o informe emitido pola administrativa, María Luisa Cacharrón Souto onde se sinala que o día 2 de agosto de 2016 sobre as 13:10 horas compareceu no rexistro xeral deste Concello o pai de Adrián Pena Bermúdez para presentar instancia para tomar parte no proceso selectivo de Técnico /a de turismo convocado por decreto desta Alcaldía 275/2016 de data 16/07/2016, indicándolle que o prazo de presentación de instancias xa rematara o día anterior cando realmente remataba as 14:00 horas do día 2 de agosto de 2016. Ante este erro rexístrase a instancia o día 3 de agosto.

Tendo en conta o artigo 105 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común que establece no seu apartado 2 " Las Administraciones Públicas podrán asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".


En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 así como en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local, polo presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e incluír a instancia presentada por Adrián Pena Bermúdez con fundamento no informe emitido pola administrativa que quedaría da seguinte maneira:

TÉCNICO/A DE TURISMO	
NOME E APELIDOS	DNI
ADMITIDOS/AS	
VANESA PENA BRANTUAS	44839252Q
ADRIÁN PENA BERMÚDEZ	47380911Z

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as segundo o sinalado no punto terceiro das bases para técnico/a de turismo.

TERCEIRO.- Convocar novamente aos membros comisión seleccionadora nomeados no decreto 306/2016 para a valoración de méritos para o día de hoxe 04/08/2016 ás 10:00 horas.



CUARTO.- Publicar certificación deste decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto catro de agosto de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en Boimorto a catro de agosto de dous mil dezaseis.



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

